

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO NO CASTRO DE ARMEA, ALLARIZ (OURENSE), CAMPAÑA 2026.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, dona María del Carmen García Mateo, NIF , reitora da Universidade de Vigo, con CIF Q8650002B, e domicilio no edificio Exeria, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo, que actúa en nome e representación da Universidade de Vigo, en virtude das facultades que lle confire a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, o Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

Ambas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, de 4 de maio, del patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: a Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Terceiro: o Castro da Cibdá de Armea, sitúase no lugar de Armea, na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas, no concello ourensá de Allariz.



Tratase dun xacemento castrexo romanizado, xa que na súa ladeira se conservan restos dunha posible vila, con urbanismo de época romana e vivendas tipo "domus". Preto do castro se atopa a basílica inconclusa denominada da Asunción, en cuxo interior se atopa o monumento con forno denominado "Forno da Santa", e tamén nesta área foi escavado o xacemento romano de Monte Señoríño, formando todos eles un conxunto de gran valor arqueolóxico.

Desde o ano 2014, a Universidade de Vigo realiza traballos de escavación, conservación e investigación no xacemento do Castro de Armea, a través de convenios co Concello de Allariz, ou de convenios asinados entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Allariz desde 2020 ao 2024, ou dun contrato promovido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no ano 2025.

Nesta anualidade 2026, considérase de interese a realización de traballos de escavación e de conservación e restauración duns 108 m², na zona coñecida como Outeiro dos Fornos, unha planicie elevada situada nas inmediacións da Atalaia, na que se presume que poderían existir restos arqueolóxicos de entidade, o que permitiría comprender mellor a configuración do xacemento fóra dos puntos xa coñecidos, como a terraza da Finca da Atalaia ou o Monte do Señoríño.

Cuarto: Tendo en conta os valores históricos e patrimoniais que aglutina o Castro da Cibdá de Armea anteriormente referidos, a Universidade de Vigo e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia consideran de interese continuar neste ano 2026 cos traballos arqueolóxicos de es no referido xacemento coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor.

Por todo isto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexirá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para a realización dunha **actuación arqueolóxica de investigación e documentación do xacemento arqueolóxico de Castro de Armea, Allariz (Ourense), campaña 2026.**

De acordo co artigo 26 de la Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que a Universidade de Vigo é a única entidade promotora deste proxecto, actuación que se encadra dentro da liña de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, ao tempo que se considera de interese social a realización da mesma, xa que dada a



transcendencia histórica e documental do castro nas investigacións arqueolóxicas realizadas polo equipo de investigación da UVigo, está considerado coma un elemento único e excepcional en Galicia, o que fai que sexa de interese a investigación que se pretende realizar. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe medidas para a conservación do patrimonio arqueolóxico, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Segunda: achega económica

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia contribuirá con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.433A.744.0 (CP 2015 00332) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de 20.000,00 € na anualidade de 2026, en base ao seguinte detalle:

ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADE E TIPOLOXÍA DE GASTO

CONCEPTO	PREZO (EUROS)
PERSOAL	8.000,00 €
MANUTENCIÓN, ALOXAMENTO E QUILOMETRAXE	4.000,00 €
SERVIZOS (roza e tapado, prospección xeofísica, analíticas)	3.528,93 €
SUBMINISTRACIÓNS (materiais e ferramentas arqueolóxicas e de restauración, funxibles, medios auxiliares,...)	1.000,00 €
TOTAL (IVE incluído)	16.528,93 €
Costes indirectos USC (21%)	3.471,07 €
TOTAL	20.000,00 €

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado neste anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario

1.- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo



desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.

2.- Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.

3.- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.

4.- O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.

5.- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora. Así mesmo, o beneficiario debe dar a adecuada publicidade e información de que as actuacións están subvencionadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en particular, nas medidas de información e comunicación (cartel informativo).

6.- Despois de asinar o convenio, a UVigo, Departamento de Historia, Arte e Xeografía terá que presentar un proxecto arqueolóxico onde se contemplan as actuacións propostas para que as autorice a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. O proxecto arqueolóxico deberá cumprir co disposto no Decreto 199/1997 que regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia e a Lei 5/2016, de 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Para a xustificación do seu cumprimento será necesario a presentación dun informe valorativo da intervención, no que deberá constar un inventario preliminar dos materiais arqueolóxicos exhumados e das mostras recollidas, coa data límite do 30 de outubro de 2026.

Cuarta: comisión paritaria.

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación das inversións.

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.



De acordo co artigo 29.2 de la Lei de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao final do período de vixencia do convenio.

Documentación que ten que presentar o beneficiario: para a percepción da axuda será necesario presentar, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- 1.- Certificación detallada dos gastos, expedida pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- 2.- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
- 3.- Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar al día no cumprimento dos deberes tributarios ou fronte á la Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).
- 4.- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
- 5.- Informe ou memoria sobre as actividades realizadas, onde se describan os resultados das actuacións arqueolóxicas, reflectindo o proceso do traballo seguido de acordo cos proxectos autorizados ou actividades obxecto do convenio.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación das inversións coincidirá co período de vixencia do convenio.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>

Pago da subvención: realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o que foi concedida. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación das inversións dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobro total o parcial da subvención.

Sexta: facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non asume máis obriga que a de transferir a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscripción do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: período de vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o **30 de outubro de 2026**.

Oitava: notificación electrónica

Según el artículo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que teñan a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, de recibir notificacións electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar con un certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena: outros deberes do beneficiario

- 1.- Non alterar o destino da achega.
- 2.- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- 3.- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería

de Cultura, Lingua e Xuventude.

4.- Efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada neste convenio.

5.- O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

6.- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de contas e ao Consello de Contas

7.- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décima: subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten un valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa. Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo segunda: publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos



creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicárase á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira: Causas de resolución e modificación do convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,

José Carlos López Campos

A Reitora da Universidade de Vigo,

María del Carmen García Mateo



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/

Dona _____
_____ con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____,
con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que para a seguinte
actuación _____, a devandita
entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, ____ de _____ de 2026.



ANEXO II

Don/Dña _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/

Dña _____, con

DNI _____, en nome e representación da entidade _____

, con CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN (2 díxitos)
- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)



ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/

Dna _____, con

DNI _____, en nome e representación da entidade _____

_____, con CIF _____

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)